

LIGA GALEGA POR EQUIPOS DE CLUBS

4ª DIVISIÓN PONTEVEDRA

DATA: MÉRCORES 1 DE MAIO DE 2024

LUGAR: SALONS HOTEL CEMAR
Ctra. Pontearreas-Mondariz, Km. 7
MONDARIZ BALNEARIO

BASES XERAIS:

- O torneo disputarase por Sistema Suízo por equipos de 4 taboleiros a 9 roldas.
- Poderán participar todos os xogadores federados ata a categoría Sub-16 (nados no ano 2008 e seguintes), e que non teñan ELO FIDE de ningunha das modalidades de xogo (standard, rápido e blitz) na lista de abril de 2024.
- O ritmo de xogo será de 15 minutos de reflexión por xogador para toda a partida.
- Os emparellamentos serán informatizados (Programa VEGA) e non se admitirá ningún tipo de reclamación neste sentido, excepto erro na introdución manual de resultados.
- Os sistemas de desempate serán os seguintes: 1º Puntos por Partida, 2º Encontro Directo, 3º Buchholz-1 por puntos de encontro, 4º Buchholz-1 por puntos de partida 5º Sorteo.
- De disputarse un encontro en que un equipo non garde a orde de forza correcta, os taboleiros incorrectamente aliñados perderán o punto.
- No caso de que non se presentasen todos os integrantes dun equipo para disputar un encontro, os presentes aliñaranse desde o primeiro taboleiro en diante, de tal forma que cubran as ausencias. De non facelo así, daranse por perdidas as partidas desde ese taboleiro.
- Permitiranse 2 xogadas ilegais, engadíndose 2 minutos ao reloxo do adversario. Á terceira xogada ilegal perderase a partida.
- Os delegados dos equipos deberán levantar o acta do encontro cubrindo todos os datos que se solicitan e indicando o nome e dous apelidos dos deportistas. Será asinada por ambos os delegados.
- A arbitrase estará a cargo de Juana Mª Martínez Fernández FA y Natalia Outerelo Martínez AA, e os árbitros auxiliares que sexan necesarios según o número de participantes.

- Esixirase aos participantes unha adecuada presenza na Sala de Xogo e na Cerimonia de Clausura.
- A inscrición no Torneo implica que os participantes, en este caso sus padres o tutores legais, autorizan a publicación dos seus datos persoais e imaxe (fotos, vídeos, etc.) nos diferentes medios de comunicación que a Organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listaxe de xogadores, listaxe de resultados, clasificacións, emparellamentos, partidas, web, televisión, etc).
- Unha vez acabada a partida, os xogadores deberán deixar as pezas tal como atopáronas ao principio da partida.
- O Torneo rexerese por estas Bases e polo Regulamento actualizado da FIDE e da FEDA.

CALENDARIO DE XOGO:

- O torneo celebrarase o mércores día 1 de maio de 2024

ROLDA	HORARIO
Rolda 1	10:30 h.
Rolda 2	11:10 h.
Rolda 3	11:50 h.
Rolda 4	12:30 h.
Rolda 5	13:10 h.
Rolda 6	16:15 h.
Rolda 7	16:55 h.
Rolda 8	17:35 h.
Rolda 9	18:25 h.

- Para recibir os trofeos e diplomas será imprescindible estar presente na Cerimonia de Clausura que se celebrará ás 19:15 h.

Entregaranse trofeos aos 8 primeiros equipos clasificados e todos os xogadores recibirán un diploma e algún agasallo, según as posibilidades. Para elo, se pide unha colaboración de 12,00 euros por cada equipo participante, que deberán ser aboados o día 1 de maio na sala de xogo. Se entregará informe a cada club participante dos cartos totais recaudados e da súa aplicación.

